



| Sem | L | M | Me | X | V | S | D |
|-----|----|----|----|----|----|----|----|
| -- | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 00 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 01 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 02 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 03 | 28 | 29 | 30 | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 04 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 05 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 06 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 07 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | 1 |
| 08 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 09 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 10 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 11 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 12 | 30 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 13 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 15 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 16 | 29 | 29 | 30 | 31 | 1 | 2 | 3 |
| 17 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 18 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 19 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 20 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |
| 21 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 22 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 23 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 24 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 25 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 26 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 27 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 28 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 29 | 30 | 31 | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 30 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 31 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 32 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 33 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 1 | 2 |
| 34 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 35 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 36 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 37 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 38 | 31 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 39 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 40 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 41 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 42 | 28 | 29 | 30 | | | | |
| -- | | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| -- | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |

| EXAMENES, AVALIACIÓNS, REVISIÓNS e RECLAMACIÓNS | | | |
|---|------------------------------------|---------------|-----------------------------|
| Set. | SETEMBRO | | |
| | Presentación do curso | 24 | |
| | Inicio curso bacharelato | 28 | |
| Out. | OUTUBRO | | |
| Nov. | NOVEMBRO | | |
| | Exames 1ª aval. 2º Bach. | 24 e 26 | Notas 4 dec Revisión 9 dec |
| Dec. | DECEMBRO | | |
| | Día do ensino | 7 de Decembro | |
| Xan. | XANEIRO | | |
| Feb. | FEBREIRO | | |
| | Exames 2ª aval. 2º Bach. | 9 e 11 | Notas 18 Revisión 19 |
| Mar. | MARZO | | |
| Abr. | ABRIL | | |
| | Exames 3ª aval. 2º Bach. | 20 e 22 | Notas 29 Revisión 30 |
| Maio | MAIO | | |
| | Exames Finais Ord. 2º Bach. | 6 e 11 | Notas 19 Reclamacións 20/21 |
| | Exames Pendentes Ord. 1º Bach. | 10 e 12 | Notas 19 Reclamacións 20/21 |
| Xuño | XUÑO | | |
| | Exames Pendentes Extra. 1º Bach. | 14 e 16 | Notas 22 Reclamacións 22/23 |
| | Exames Finais Extra. 2º Bach. | 15 e 17 | Notas 22 Reclamacións 22/23 |
| Set. | SETEMBRO | | |
| | Exames Finais Extra. 1º e 2º Bach. | 1 e 2 | Notas 6 Reclamacións 6/7 |

AULA VIRTUAL (aulavirtual.iessancllemente.net)

Na AULA VIRTUAL podedes encontrar: materiais, vídeos das titorías presenciais, contidos mínimos, criterios de avaliación, resumos da materia e esquemas, propostas de exames e exames resoltos, etc. **TODOS OS MATERIAIS** necesarios para a aprendizaxe das materias estarán dispostos na AULA VIRTUAL. As datas de exames ou calquera información de interese está tamén na páxina web. É moi importante entra nela (POLO MENOS 3 VECES Á SEMANA), coñecela ben, e aproveitala.


TITORÍAS

Cada materia está a cargo dun DOCENTE, que atende CATRO TIPOS DE TITORÍAS: TITORÍAS TELEMÁTICAS, TELEFÓNICAS, por CORREO ELECTRÓNICO e PRESENCIAIS.

Todo o PROFESORADO TITOR dedica unha ou máis horas diarias de atención ao alumnado. Na AULA VIRTUAL, en cada materia, figura un reloxo pequeno co que se accede ao horario semanal da súa titoría.

TITORÍAS TELEMÁTICAS (por videochamada)

O xeito mais RÁPIDO e EFECTIVO e solicitar unha TITORÍA mediante o botón presente na aula virtual, e seleccionando a data e a hora na que contactar co profesor ou profesora. É preciso dispoñer de un portátil ou ordenador con cámara web.



Por cada titoría solicitada teremos unha entrada nova con información sobre a mesma. Na data e hora acordada soamente será necesario pulsar na ligazón “Titoría web” para acceder á videochamada co profesor ou profesora da materia.

Xestor de titorías web

(1BAC) - Bioloxía e Xeoloxía | Rodríguez Ruibal, Mercedes (Xefa Dpto. Bioloxía e Xeoloxía) | Horario | Solicitar titoría web

Relación de titorías web rexistradas no sistema.

| Asignatura | Profesor/a | Alumno/a | Data / hora | |
|------------------------------|---|-------------------|-----------------------------|--|
| (1BAC) - Bioloxía e Xeoloxía | Rodríguez Ruibal, Mercedes (Xefa Dpto. Bioloxía e Xeoloxía) | Alumno de pruebas | 30/09/2020 18:00 (Mércores) | Anular Titoría web |
| (2BAC) - TIC II | Lozano Barreiro, José | Alumno de pruebas | 01/10/2020 10:25 (Xoves) | Anular Titoría web |

TITORÍAS por CORREO ELECTRÓNICO e TELEFÓNICAS

Nas horas de TITORÍA TELEMÁTICA (nas de TITORÍA WEB **non**) é posible chamar aos números de teléfono directos de cada materia que están recollidos na táboa de titorías presenciais, ou ao número xeral do Instituto, o 881867501. Advírtese que cando entra unha chamada e está a ser atendida pola conserxería, non se pode atender outra simultánea xa que o terminal está ocupado. A persoa que chama non escoita sinal de comunicando, polo que debe agardar e repetir a chamada.

Todo o alumnado matriculado ten tamén unha conta de correo electrónico propia dentro da plataforma, onde recibirán informacións, noticias ou avisos. Desde este correo, poden enviarlle mensaxes ao profesorado de Santiago (e tamén ao resto do alumnado) e terán a oportuna resposta por este mesmo medio. O PROFESORADO TITOR do IES “San Clemente” ocuparase de atender os correos que remitades e contestalos en menos de 24 horas (en moitos casos incluso sábados e domingos).

TITORÍAS PRESENCIAIS

As TITORÍAS PRESENCIAIS teñen como obxectivo consultarlle ao profesorado as dúbidas que non poden ser resoltas por outro medio. Dada a situación sanitaria actual, **durante o presente curso terán carácter EXCEPCIONAL e deberán ser ACORDADAS PREVIAMENTE co profesorado.**

PROFESORADO TITOR DE CADA MATERIA

| MATERIA | PROFESORADO TITOR | TELÉFONO |
|--|---|-----------|
| Lingua castelá | José Manuel Piñeiro Mourín | 881867521 |
| Lingua galega / Lingua estr. Portugués | Lourenzo Álvarez Ruiz | 881867521 |
| Historia da filosofía | Manuel Mira Martínez | 881867524 |
| Bioloxía / Xeoloxía | Carlos Doval Davite | 881867522 |
| Ciencias da Terra | Mercedes Rodríguez Ruibal | 881867522 |
| Economía da empresa | Javier Pichel Villar | 881867524 |
| Relixión | M ^a Teresa Abalde González | 881867523 |
| Lingua estranxeira Inglés | Raquel Rodríguez Blanco | 881867523 |
| Lingua estranxeira Francés | M ^a Soledad Castellanos Merayo | 881867523 |
| Matemáticas / Matemáticas aplicadas | Antón Labraña Barrero | 881867522 |
| Historia de España / Historia da arte | Guillermina Domínguez Touriño | 881867520 |
| Xeografía | Javier Poch Gutiérrez | 881867520 |
| Historia da música e danza | Esther Durán Rivas | 881867520 |
| Latín / Grego | Amalia Seoane Labandeira | 881867524 |
| Física | Tamara Vázquez Vázquez | 881867522 |
| Química | Juan Carlos Fandiño da Torre | 881867522 |
| Fundamentos da arte / Deseño | Ángeles Rivera Muñoz | 881867524 |
| Debuxo técnico / Cultura audiovisual | José Miguel López Gómez | 881867524 |
| T.I.C. | José Lozano Barreiro | 881867501 |

EXAMES

Durante o curso haberá tres avaliacións parciais e unha avaliación final de xuño, na que se manterán as cualificacións daquelas avaliacións superadas, debendo examinarse só das avaliacións non superadas ou non presentadas (segundo os criterios de cualificación de cada departamento sinalados no exame). En setembro terá lugar a avaliación extraordinaria, na que o alumnado que non teña superada a materia en xuño terá que presentarse a un exame xeral de toda a materia.

Os exames celébranse nas mesmas datas e horas no IES San Clemente de Santiago, nos centros EPA de A Coruña, Lugo, Ourense (**IES O Couto**), Pontevedra, Ferrol e Vigo, e no IES Monte Castelo de Burela. Estes serán controlados polo profesorado do IES San Clemente. Os estudos a distancia do IES San Clemente tamén son cursados polos internos de tres centros penais da nosa Comunidade Autónoma, nos que as titorías e as correspondentes probas son tuteladas polo seu propio persoal.

Os exames levaranse a cabo nas datas que figuran no calendario. O horario das distintas materias será sempre o mesmo, un martes e un xoves, salvo en setembro no que os exames terán lugar os días 1 e 2.

En caso de que nas datas dos exames estea restrinxida a mobilidade nalgunha zona de Galicia, publicaranse novas instrucións dirixidas as persoas que residan na mesma con información para a realización dos seus exames.

PROTOCOLO NA REALIZACIÓN DE EXAMES PRESENCIAIS

Como consecuencia da situación sanitaria derivada do COVID-19, o alumnado deberá realizar a seguinte **enquisa de autoavaliación clínica** antes do acceso ao centro, e non poderá entrar se presenta algún síntoma ou se lle foi prescrito illamento por parte das autoridades sanitarias

| Presentou nas últimas 2 semanas? | | SI | NON |
|----------------------------------|--------------------------|----|-----|
| Síntomas respiratorios | Febre maior de 37,5°C | | |
| | Tose seca | | |
| | Dificultade respiratoria | | |
| Outros síntomas | Fatiga severa (cansazo) | | |
| | Dor muscular | | |
| | Falta de olfacto | | |
| | Falta de gusto | | |
| | Diarrea | | |

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron

| | | SI | NON |
|---|--|----|-----|
| Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas? | cunha persoa COVID-19 + confirmado? | | |
| | cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19? | | |
| CONVIVIU nas últimas 2 semanas? | cunha persoa COVID-19 + confirmado? | | |
| | cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19? | | |

No o acceso aos lugares nos que se levan a cabo os exames, seguirase o seguinte **protocolo**:

O alumnado **soamente poderá estar no interior do centro educativo para a realización dos seus exames**. Non poderá chegar con máis de 10 minutos de marxe, e deberá saír do mesmo e entrar de novo cando o tempo de espera entre exames sexa maior de 10 minutos.

O alumnado entrará na aula **5 minutos antes** do seu exame e dedicará uns minutos á **desinfección da mesa e da cadeira** coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).

Desinfectarase tamén antes do exame calquera **outro material** que se vaia a empregar no mesmo.

Entrarase deixando a **distancia de seguridade** de 1,5 metros e evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera.

O alumnado e o profesorado teñen a obriga de **usar máscaras** durante a realización dos exames e na entrada e saída do centro.

En todas as aulas, na zona máis próxima a porta da mesma, colocarase un **dispensador de xel hidroalcohólico**.

Durante a realización dos exames e no tempo entre eles, deberá manterse unha **ventilación frecuente** do espazo.

Non se poderá compartir material cos compañeiros. Cada alumno realizará os exames e asinará na lista co seu propio material.

As ventás, portas, persianas, contras e dispositivos de funcionamento da iluminación serán **unicamente usadas polo profesorado**, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

A entrega do exame e a saída da aula será ordenada, de 1 en 1, gardando a distancia de seguridade de 1,5 metros e evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

HORARIOS DOS EXAMES

| | MARTES | XOVES |
|--|--|---|
| 9,30 a 10,45 | Historia de España | Bioloxía Historia da arte |
| 11,00 a 12,15 | Lingua castelá e literatura II | Matemáticas II Matemáticas aplic. ás CC.SS. II Latín II Fundamentos da arte II |
| 12,30 a 13,45 | Lingua galega e literatura II | Ciencias da Terra Historia da música e da danza 2ª Lingua estranx. II – Francés / Portugués Cultura audiovisual II |
| 16,00 a 17,15 | Debuxo técnico II Grego II Historia da filosofía | Xeografía Xeoloxía Física T.I.C. II |
| 17,30 a 18,45 | Lingua estranxeira II – Inglés / Francés | Relixión Química Economía da empresa Deseño |

CUALIFICACIÓNS

Normalmente aos comezos da semana seguinte aos exames celébrase a reunión de avaliación (nos días sinalados no calendario). As cualificacións colocaranse na aula virtual (en NOTAS) ese mesmo día sobre ás 19,00 horas, de xeito que calquera alumno poida coñecer e imprimir as súas notas.

De seguido á publicación das cualificacións, o profesorado titor terá (previo aviso, cando o alumno ou a alumna non estea de acordo coa cualificación) unha data dedicada á REVISIÓN DOS EXAMES nas avaliacións parciais e dúas datas na avaliación final para as RECLAMACIÓNS.

Cando un alumno ou alumna desexe obter un boletíns de notas oficial, pode pasar a solicitalo e recollelo no IES San Clemente ou ben deixar un sobre co enderezo xa escrito e seralle remitido por correo.

ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES DE 1º

Tanto nas materias de 1º como nas de 2º curso, do mesmo xeito que no bacharelato ordinario, o alumnado poderá presentarse a dúas convocatorias: ordinaria e extraordinaria.

- A **convocatoria ordinaria** terá exames parciais por cada avaliación, e un exame final no mes de maio ou xuño para recuperar as avaliacións non superadas. Tamén poderá facer este exame final o alumnado que non se presentara aos exames das avaliacións anteriores.
- A **convocatoria extraordinaria** constará dun único exame de toda a materia (non se gardan as avaliacións superadas na convocatoria ordinaria).

En función de se pode ou non rematar o bacharelato durante o curso, e quere presentarse ás probas da Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), ten dúas opcións para estas convocatorias:

Opción ABAU (Maio / Xuño)

O alumnado de 2º curso que teña materias pendentes do 1º curso, e teña a posibilidade de rematar o bacharelato, poderá adiantar os exames finais (de TODAS as materias de 1º e de 2º curso), tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria, aos meses de maio e xuño respectivamente. Deste xeito poderá presentarse ás convocatorias ordinaria (xuño) e extraordinaria (xullo) da ABAU.

Neste caso, non terá exame específico da 3ª avaliación das materias de 1º curso. Na avaliación final de maio deberá facer a parte corresponde á 3ª avaliación e recuperar, de non telas xa superadas, a 1ª ou a 2ª avaliación. O seu calendario de exames será o seguinte:

OPCIÓN MAIO / XUÑO

| 1ª AVAL. | | 2ª AVAL. | | 3ª AVAL. | | |
|-----------------------|---------------|----------|------------------|------------------|-----------------------|-------------|
| 1ºBach | 30/11 e 2/12 | 1ºBach | 22/2 e 24/2 | 1ºBach | | |
| 2ºBach | 24/11 e 26/11 | 2ºBach | 9/2 e 11/2 | 2ºBach | 20/4 e 22/4 | |
| AVAL. FINAL ORDINARIA | | | M A I O | X U Ñ O | AVAL. FINAL EXTRAORD. | |
| 1ºBach | 10/5 e 12/5 | | | | 1ºBach | 14/6 e 16/6 |
| 2ºBach | 6/5 e 11/5 | | | | 2ºBach | 15/6 e 17/6 |

Opción Xuño / Setembro

Ao alumnado que non estea na situación de poder rematar o bacharelato, ou que non desexe presentarse ás ABAU, recoméndaselle que continúen traballando as materias de primeiro por avaliacións ata os exames finais de xuño ou setembro.

Este alumnado **non poderá presentarse en ningún caso ás probas da ABAU en xuño**. O seu calendario de exames será o seguinte:

OPCIÓN XUÑO / SETEMBRO

| 1ª AVAL. | | 2ª AVAL. | | 3ª AVAL. | | |
|-----------------------|---------------|----------|------------------|--------------------------------------|-----------------------|-----------|
| 1ºBach | 30/11 e 2/12 | 1ºBach | 22/2 e 24/2 | 1ºBach | 10/5 e 12/5 | |
| 2ºBach | 24/11 e 26/11 | 2ºBach | 9/2 e 11/2 | 2ºBach | 20/4 e 22/4 | |
| AVAL. FINAL ORDINARIA | | | X U Ñ O | S E T E M B R O | AVAL. FINAL EXTRAORD. | |
| 1ºBach | 14/6 e 16/6 | | | | 1ºBach | 1/9 e 2/9 |
| 2ºBach | 6/5 e 11/5 | | | | 2ºBach | 1/9 e 2/9 |

Antes dos exames da avaliación final ordinaria de maio, o alumnado matriculado en materias de 1º con posibilidade de titular será consultado a través da aula virtual e deberá escoller a opción que mellor se adapte as súas circunstancias.

DÚBIDAS E INFORMACIÓN

Calquera información relevante correspondente á ensinanza de bacharelato publicárase na páxina web do centro e no noso canal de Telegram ([telegram.me/bachsanclemente](https://t.me/bachsanclemente)).

Ante calquera dúbida XERAL (matrícula, queixa, suxestión, etc.) debes contactar coa **COORDINADORA DO BACHARELATO, Dna. M^a Mercedes Rodríguez Ruibal**, ou co **XEFE de ESTUDOS, D. Víctor M. Lourido Estévez**. Cando o problema estea relacionado de forma directa cunha materia, debes dirixirvos ao PROFESORADO TITOR responsable da mesma.